



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a. Carmen
Cidrás Piñe, José
Fernández Jáuregui, Manuel
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Montero Muñoz, María
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Vázquez Otero, María Elsa

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso, Bacigalupe, Luís
Arias Sánchez, Pedro
González Piñeiro, Luís
Iglesias Antelo, Beatriz
Muñoz López, Luís
Pereira Domínguez, Alejandro

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
De Lorenzo Rodríguez, M^a Edita
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

ESTUDANTES:

Puga Alonso, Javier

PAS:

CONSELLO SOCIAL

López Atrio, María Laura

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Fariñas Valiña, Iago
Gutiérrez Nieto, Manuel
López Díaz, María
Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 11 de xuño de dous mil dez, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O venres día 11 de xuño de 2010, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 16 de abril de 2010.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.
4. Aprobación, se procede, do nomeamento como profesor emérito de D. José Antonio Rodríguez Vázquez.
5. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.
6. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Gonzalo Caballero Míguez contra o acordo do Consello extraordinario do Departamento de Economía Aplicada, de 25 de marzo de 2010.
7. Aprobación, se procede, do límite de prazas.
8. Informe sobre a cesión de titularidade da Escola Universitaria de Profesorado de EXB Maria Sedes Sapientae.
9. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro de Innovación Tecnolóxica da Comunicación, Edición e Artes Gráficas de Galicia.
10. Aprobación, se procede, do Centro de investigación AtlantTIC.
11. Aprobación, se procede, da creación de cargo I+D: director/a do Centro de investigación AtlantTIC.
12. Aprobación, se procede, do nomeamento do delegado do reitor na Escola de Negocios de Caixanova.
13. Aprobación, se procede, da Liquidación e Memoria Económica do 2009.
14. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.
15. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para transferencias de créditos.
16. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da E.S. de Enxeñería Informática.

17. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
18. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Adenda ao convenio de colaboración entre a Universidad Rovira i Virgili e a Universidade da Coruña de adhesión da Universidad de Jaén para a elaboración dun modelo de harmonización da docencia orientado á converxencia ao espazo europeo de educación superior – Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo e Universidade da Coruña para a realización de traballos de mantemento físico e actualización de contidos da páxina web do proxecto de investigación “Nomes e voces” – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Peruana de Ciencias e Informática-UPCI -- Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a realización de actividades relacionadas coa posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia – Convenio específico de colaboración entre a Universidad Nacional de Misiones (Argentina) e a Universidade de Vigo (España) para o intercambio de estudantes – Convenio específico entre a Universidade de Vigo e o Royal Melbourne Institute of Technology (Australia) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Escuela Jacobea de Posgrado, México – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Escuela Jacobea de Posgrado para o intercambio de estudantes e profesores – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Université de Savoie – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e L'Université de Savoie (Francia) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad de Estudios Extranjeros de Beijing (China) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad de Estudios Extranjeros de Beijing (China) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Passo Fundo (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade de Passo Fundo (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Cequa (Chile) – Acordo marco de cooperación das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia – Protocolo xeral de colaboración entre o Parlamento de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo – Convenio entre a Universidade de São Paulo (Brasil) por medio da Facultade de Filosofía, Letras e Ciências Humanas por su Centro Interdepartamental de Tradução e Terminologia-CITRAT e a Universidade de Vigo (España), tendo como obxectivo a cooperación académica para o intercambio de estudantes, docentes/investigadores e membros do equipo técnico-administrativo.
19. Rogos e preguntas.
20. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 11 de xuño de 2010.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 16 de abril de 2010.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Informa o reitor que o día 31 de maio a Universidade presentou ante o Ministerio de Ciencia e Innovación o proxecto de Campus do Mar. O Ministerio informa que se teñen presentado 42 proxectos e a finais de mes se saberá se a Universidade pasou o primeiro corte.

Informa a secretaria xeral que se ten iniciado o proceso de creación da Escola de Enxeñería Industrial.

O procedemento a seguir é primeiro exposición pública durante un mes da proposta de creación do novo centro, para que a comunidade universitaria faga as alegacións que estime oportunas. Este trámite se puxo xa en marcha e o día 29 de xuño remata o prazo para a presentación de alegacións.

Os trámites seguintes son informe do Consello Social, informe do Claustro, aprobación polo Consello de Goberno, aprobación da Xunta de Galicia, información á Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Punto 3. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen sinala que analizada a proposta do departamento de Didáctica e Organización Escolar e Métodos de Investigación, a COAP propón solicitar á Universidade de Sevilla prórroga por un ano (do 01/10/2010 ata o 30/09/2011) da Comisión de Servizos a favor da Catedrática de Universidade Dna. M^a Ángeles Parrilla Latas, por necesidades docentes da área de Didáctica e Organización Escolar no campus de Pontevedra.

Solicítase pola Universidade de Oviedo unha comisión de servizos para o Profesor Titular de Universidade do Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e do Medio Ambiente D. Celestino Ordoñez Galán, dende 01/09/2010 ata o 31/08/2011, para desempeñar a súa actividade docente naquela universidade.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, do nomeamento como profesor emérito de D. José Antonio Rodríguez Vázquez.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen expón que por parte da COAP, reunida o 02/06/10, dáse o informe favorable para o nomeamento de D. José Antonio Rodríguez Vázquez como profesor emérito atendendo ao seu curriculum vitae, e con gran énfase, á labor institucional desenvolvida como Reitor desta institución.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.

Teñen solicitado intervención o Prof. Caballero Míguez, a Sr^a. Torrado Agrasar, Presidenta da Asociación de Investigadores Parga Pondal, os Srs. Díaz e Nieto, en representación dos Comités del PDI Laboral da Universidade de Vigo polas provincias de Pontevedra e Ourense.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen sinala que a COAP na súa sesión do pasado 2 de xuño, informa favorablemente as seguintes prazas:

1) Unha praza de Catedrático de Universidade na área de Ecoloxía (220) (Departamento C04 Ecoloxía e Bioloxía Animal). O Profesor Titular de Universidade D. Emilio Manuel Fernández Suárez acadou a acreditación requirida e conta con tres sexenios polo que é aplicable o criterio B de promoción a cátedra.

2) Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos (680) (Departamento X01 Análise e Intervención Psicosocioeducativa). O Profesor Contratado Doutor D. José María Failde Garrido acadou a acreditación requirida.

3) Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Comunicación Audiovisual e Publicidade (150) (Departamento X13 Dereito público especial, comunicación audiovisual e publicidade). O Profesor Contratado Doutor D. José Rúas Araujo acadou a acreditación requirida.

4) Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Filoloxía Inglesa (345) (Departamento H04 Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá). A Axudante Dna. María Francisca Llantada Díaz, que foi seleccionado na convocatoria de 2008 do Programa Especial de Promoción, ten acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade e corresponde a saída a concurso da praza no POD 2010/11.

5) Unha praza de Catedrático de Universidade e outra de Profesor Titular de Universidade na área de Física da Terra (398) (Departamento T08 Física Aplicada). Os profesores acreditados son: María Teresa de Castro Rodríguez (PCD acreditada a PTU) e Ramón Gómez Gesteira (PTU acreditado a CU). Ambos profesores actualmente constitúen a totalidade do cadro de profesorado da área de Física da Materia Condensada, acompañados na docencia da mesma por unha Investigadora do programa Ángeles Alvariño. A COAP emite o seu informe favorable tras analizar a situación das áreas 395, Física da Materia Condensada, e 398, Física da Terra, tendo en conta que o profesorado que se acolle a promoción deberá asumir a docencia da área de Física da Materia Condensada ata a súa extinción. Finalmente debe sinalarse que no caso da Cátedra cúmprese o criterio A de promoción, dado que o novo cadro docente da área de Física da Terra quedaría constituído por 9 profesores con vinculación permanente, sendo dous cátedras computables (Luis Gimeno e a nova) e outra non por terse concedida segundo o criterio B (Gabriel Rosón)

Solicítase aprobación destas novas prazas.

Apróbanse por asentimento.

Finalmente o vicerreitor informa ao respecto da decisión da COAP sobre centro de adscrición dunha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Economía Aplicada, xa aprobada no anterior Consello de Goberno, praza xerada polo programa especial de promoción.

A COAP determinou que o centro de adscrición, que se publicará na convocatoria do BOE, sexa a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo, por ser o centro de adscrición docente do PDI que xerou a praza. A docencia da praza quedará asignada ao campus de Pontevedra aos efectos do cómputo do Programa especial de consolidación de cadros de profesorado en áreas/campus, mentres este teña vixencia, conforme ao acordo da COAP de 2 de xuño (que se adxunta como **anexo I**).

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Sr. Díaz agradece á COAP e ao vicerreitor que se permitira debater este tema e a resolución satisfactoria do mesmo, e encomendar ao novo equipo a necesidade de regular estas situacións cara o futuro, para o cal espera que a nova mesa de negociación do PDI sexa un instrumento eficaz.

Punto 6. Estimación, se procede, do recurso dealzada presentado por D. Gonzalo Caballero Míguez contra o acordo do Consello extraordinario do Departamento de Economía Aplicada, de 25 de marzo de 2010.

Teñen sido invitados como interesados o Prof. Caballero Míguez e o Director do Departamento de Economía aplicada, o Prof. Arias.

O Prof. Caballero intervén para sinalar que, á vista do informe da Vicerreitoría e dos acordos da COAP nos que se sinala que a praza de promoción terá como centro de adscrición a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo e que a docencia desa praza para o curso 2010-11 será no campus de Pontevedra de acordo co POD aprobado pola COAP, considera que o acordo do Consello Extraordinario de Departamento de 25 de marzo de 2010 queda sen efectos e polo tanto está revocado por órgano superior e, en consecuencia, retira o recurso.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, do límite de prazas.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen expón que a COAP na súa sesión do pasado 2 de xuño, informa favorablemente acerca da petición da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra para reabrir a oferta de 20 prazas para acceso ao 2º ciclo da Licenciatura de Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Posteriormente á celebración da COAP prodúcese a petición da dirección da Escola de Fisioterapia para establecer o límite de prazas por traslado na titulación de grao en 1 praza,

que equivale ao límite do 2% que o centro viña aplicando. E no mesmo senso a petición da Facultade de Dereito de Ourense, establecendo un límite de 10 prazas para traslados.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Informe sobre a cesión de titularidade da Escola Universitaria de Profesorado de EXB Maria Sedes Sapientae.

Intervén a secretaria xeral quen sinala que a E.U. de Formación do Profesorado de E.X.B. de Vigo “María Sedes Sapientiae” é un centro adscrito á universidade de Vigo dende o ano 1990.

Este centro pertencía ao Obispado de Tui-Vigo, cedendo a súa titularidade á Fundación Universitaria San Pablo-Ceu no curso 2004/2005.

O Consello de Goberno da Universidade de Vigo aprobou, na sesión de data 27 de xuño de 2005, iniciar os trámites para regularizar a situación do centro adscrito.

O cambio de titularidade dun centro universitario privado, adscrito a unha universidade pública, está regulado no artigo 5 da LOU e no Real Decreto 557/1991, sobre creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios.

En concreto a Xunta de Galicia ten que autorizar a cesión da titularidade previo informe do Consello de Goberno da Universidade.

Do que se trata é de dar cumprimento a ese requisito que esixe a LOU.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro de Innovación Tecnolóxica da Comunicación, Edición e Artes Gráficas de Galicia.

Intervén o vicerreitor de Planificación quen asinala que Cluster do Producto Gráfico e do Libro Galego é quen promociona a creación deste centro e quen se dirixe á Universidade para que participe. Neste momento están xa integradas 16 empresas e neste momento a Universidade de Vigo é a única universidade que é chamada a participar tendo en conta a súa actividade en distintos ámbitos de grande interese Belas Artes, Filoloxía, Comunicación... A participación suporá unha cantidade de 3000 euros.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, do Centro de investigación AtlantTIC.

Sinala a vicerreitora de Investigación que o documento de política de I+D+i da Universidade de Vigo aprobado en Xuño de 2009 considera o ámbito TIC dentro das liñas prioritarias da I+D+i da Universidade de Vigo por unha masa crítica significativa e competitiva, exclusividade a nivel autonómico e dispoñibilidade dun entorno socioeconómico que sinala oportunidades de progreso.

En xullo de 2009, a Xunta de Galicia decidiu financiar á agrupación AceTIC (ACio en Enxeñería das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions), a través do Programa de Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación Competitivas, modalidade de agrupacións. Acetic está formada por 11 grupos de investigación que teñen unha produción científica de calidade: *220 publicacións SCI en 2005-2009, un alto nivel de transferencia ao sector industrial: 10 M en 2005-2009 e un financiamento público relevante: 15 M en 2009.*

Os grupos de AceTIC entenden que a agrupación é un instrumento adecuado nunha primeira fase de integración e cooperación entre os grupos na que levan traballando dous anos, pero resulta claramente insuficiente. Ésta é a única das agrupacións de referencia do SUG financiadas pola Xunta de Galicia que non está asociada a ningún centro de investigación.

Polo tanto, esta vicerreitoría propón a creación do AtlantTIC Atlantic Research Center for Information and Communication Technologies, formado polos 11 grupos de investigación que conforman o agrupamento ACETIC. A súa sede será a ETSET.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, da creación de cargo I+D: director/a do Centro de investigación AtlantTIC.

Intervén a vicerreitora de Investigación para sinalar que como en outros casos de creación de centros de investigación, se propón a creación deste cargo de I+D.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, do nomeamento do delegado do reitor na Escola de Negocios de Caixanova.

Intervén o reitor para propoñer, á vista do seu curriculum personal, ao Prof. Baltasar Manzano González, Profesor Titular de Economía desta Universidade, como Delegado do Reitor na Escola de Negocios da Caixanova.

Apróbase por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, da Liquidación e Memoria Económica do 2009.

Cédese a palabra ao vicexerente de Xestión Económica e Servizos Xerais o cal informa das principais características e dos resultados do exercicio, a tal efecto achégase informe e resumo da memoria Económica 2009 da Universidade de Vigo, e dentro do cal cabe destacar:

- A minoración en termos absolutos e porcentuais das modificacións de crédito.
- O elevado grao de execución do orzamento de ingresos, manténdose a liña de crecemento de exercicios anteriores. Resalta a mellora obtida no capítulo III

“taxas, prezos públicos e outros ingresos” onde o excepcional grado de execución obtido neste exercicio relacionase coa mellora na xestión económico-administrativa da Universidade e especificamente coa xestión do I.V.E.

- Que se mantivo o nivel de execución do orzamento de gastos pero que cortouse a traxectoria incrementalista do mesmo, sendo as cifras tanto absolutas, como relativas, de compromiso e obriga de gasto menores que as do exercicio precedente.
- Que nese comportamento de gasto cabe diferenciar dúas situacións:
 - a) Por unha banda a dos gastos correntes (persoal, bens e servizos e transferencias correntes) cun crecemento moi por riba do IPC, o cal reflicte que nun escenario de contracción económica a Universidade continuou a manter a aposta polo seu capital humano e polo gasto dedicado a bolsas e axudas para os intercambios.
 - b) E por outra banda, dos gastos de capital, onde a minoración do gasto con respecto o exercicio precedente acadou os 15,53 M€ en termos absolutos e o 30,92% en termos relativos.
- Produto do anterior, o remanente de tesourería do exercicio elevouse en 14,5 M€, ata os 65,70 M€, se ben diminuíu o non afectado, dada a necesidade de financiamento cara o orzamento do exercicio 2010.
- Explica a situación económico-patrimonial do exercicio a través da conta de resultados e do balance, e resalta a forte solidez e solvencia da Universidade. Detalla que se recibiu o informe provisional de auditoría da conta da Universidade de Vigo no 2009, encargada polo Consello Social, e o contido do mesmo informa da conformidade da mesma.
- Alude á situación da tesourería, tamén cun resultado positivo no exercicio.
- Repasa o comportamento dos principais indicadores, todos eles positivos.
- Seguindo o mandato do artigo 84 da LOU fai un repaso do resumo das contas anuais das entidades participadas: CUSA, CITEXVI e FUVI, detallando o diferente comportamento que se dá nas mesmas.
- Por último fai un repaso da actividade levada a cabo no ámbito da contratación administrativa, resaltando que produto da mesma obtivéronse aforros por valor de 951.592,04 €.

Apróbase por asentimento.

Punto 14. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.

Intervén a vicerreitora de Economía quen da conta de cada unha das incorporacións de remanente que se solicitan e que figuran na documentación anexa (**anexo II**).

Polo que se refire á incorporación de 2.451.166,46 € no programa 0000 421S 859 (Participacións sociedades públicas), a presidenta aclara que se trata de realizar unha ampliación de capital da sociedade CUSA que permita seguir avanzando no obxectivo de facer viable esta sociedade. As súas contas de resultados son positivas, o cal mostra que a sociedade é rendible pero soporta uns gastos financeiros que son inviables para a sociedade. O obxectivo é pois, reducir esta carga financeira a unha contía que permita a sociedade CUSA ser rendible. Trataríase dunha última ampliación de capital que permitiría á sociedade centrarse na xestión e animación da área comercial e de servizos. A esta ampliación de capital está confirmado que tamén acudiría Caixanova. O resultado da ampliación daría lugar a un endebedamento de, aproximadamente, un millón de euros para CUSA, contía asumible segundo o informe e plan de negocio presentado polo actual Xerente no Consello de Administración e na Xunta Xeral accionistas de Cidade Universitaria o cal foi aprobado por ambas instancias.

Apróbase por asentimento.

Punto 15. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para transferencias de créditos.

Intervén a vicerreitora de Economía, dá conta de cada unha das transferencias que se solicitan e que figuran na documentación anexa (**anexo III**).

Apróbanse por asentimento.

Punto 16. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da E.S. de Enxeñería Informática.

Intervén a secretaria xeral quen indica que o regulamento ten informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento.

Punto 17. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Intervén a secretaria xeral quen indica que o regulamento ten informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento.

Punto 18. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Adenda ao convenio de colaboración entre a Universidad Rovira i Virgili e a Universidade da Coruña de adhesión da Universidad de Jaén para a elaboración dun modelo de harmonización da docencia orientado á converxencia ao espazo europeo de educación superior – Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo e Universidade da Coruña para a realización de traballos de mantemento físico e actualización de contidos da páxina web do proxecto de investigación “Nomes e voces” – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Peruana de Ciencias e Informática-UPCI -- Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a realización de actividades relacionadas coa posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia – Convenio específico de colaboración entre a Universidad Nacional de Misiones (Argentina) e a Universidade de Vigo (España) para o intercambio de estudantes – Convenio específico entre a Universidade de Vigo e o Royal Melbourne Institute of Technology (Australia) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Escuela Jacobea de Posgrado, México – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Escuela Jacobea de Posgrado para o intercambio de estudantes e profesores – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Université de Savoie – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e L`Université de Savoie (Francia) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad de Estudios Extranjeros de Beijing (China) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad de Estudios Extranjeros de Beijing (China) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Passo Fundo (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade de Passo Fundo (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Cequa (Chile) – Acordo marco de cooperación das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia – Protocolo xeral de colaboración entre o Parlamento de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo – Convenio entre a Universidade de São Paulo (Brasil) por medio da Facultade de Filosofía, Letras e Ciências Humanas por su Centro Interdepartamental de Tradução e Terminologia-CITRAT e a Universidade de Vigo (España), tendo como obxectivo a cooperación académica para o intercambio de estudantes, docentes/investigadores e membros do equipo técnico-administrativo.

Apróbanse por asentimento.

Punto 19. Rogos e preguntas.

A Profª Blanco quere dar as grazas ao Consello de Goberno e ao equipo de goberno que ten sido un pracer estar aquí.

O reitor engade que se traballou a gusto e co bo ambiente con un amplo respecto académico en todo caso e dá grazas a todos.

Punto 20. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 11 de xuño de 2010.

Procédese á entrega da acta aos membros do Consello de Goberno para a súa revisión.

Apróbase por asentimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:10 horas do día 11 de xuño de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor



Alberto Gago Rodríguez



Esther M^a González Pillado